

RELATO DUNHA TARDE DRAMÁTICA

Eran as seis da tarde. Acababa de toca-lo timbre. Estaba ansioso. Estivera toda a clase matinando, coa mirada perdida no cálido horizonte que semellaba poñer fin á fermosa paisaxe da praia que dende a fiestra parecía contemplar. A súa mente viaxaba nun hólido descapotable coa melena solta ó ar pelas estradas inacabables da imaxinación. Gustaríame saber que era o que pensaba que o deixaba abstraído, como inerte. ¡Ogallá o souberes! De súpeto, o seu semblante tornou da tranquilidade anterior á euforia. ¡Volveríase tolo! Non sei. A súa mirada emborcaba de ledicia coma unha patera chea de xente desas que cruzan o estreito. Agora está a se levantar. Quedo mirando para el; decátase. Recalle as súas cousas e parece dirixirse cara a min. Non, non creo. Pero o momento, que nun principio se fai interminable, convértese en rematado; e, cando me dou conta, atópome fronte a fronte con el. Quedamos en silencio. A situación era incómoda. Estabamos sés nolos deus na clase. ¿Que quería de min? Os nosos corpos achegáronse máis e caído que ambas nos arraibamos. O meu corpo arelaba apegarse ó seu como se de deus imáns se tratase. Pero eu tentaba resistirme. Tiña que facelo. Era imposible. Só desexaba sentir que ese sepló máxico, que é o bico, atraese as nosas bocas e unise os nosos pensamentos. El quería dicirme algo. Entón, de sacato e ás presas, preguntoume se me gustaría sumarme ó grupo de teatro do instituto - "Teatro Básico" - do que el formaba parte. A obra a representar era de creación propia; pero gustaríalles contar con máis xente, "xente coma ti" dixo.

Sen poder articular son ningún, asentín coa cabeza. Era boa idea. ¡Per que non? Peida que ata o pase ben. Baixei as escaleiras tras del, en silencio. El falaba e falaba: eran detalles da obra que estaban a escribir, e, entre os millóns e millóns de cousas que da súa boca escapaban a tal velocidade que semellaban me batían na cara, puiden recoñeco-lo nome da obra Instituto Básico. Cun pouco de reparo traspasei a porta que me separaba dun mundo por explorar en min, o teatro. Todos me saudaron e con ledicia me acolleron no seu grupo. E alí o son das risas, das chuviaas de ideas, das diversas opinións, das galletas que os compañeiros trouxeran... abríu a miña mente ó mundo dramático. E pasei un serán digno de mención, polo cal escribín esta miña historia que agora mesmo acaba de rematar.

Morgana